

Convocatoria ordinaria 2026
ANÁLISE MUSICAL II

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a 1 e 2, de 3 puntos; a 3 e 4, de 2 puntos. A primeira, con resposta única aberta; a segunda e a terceira, con posibilidade de elección entre varias respostas correctas; a cuarta, semiaberta con posibilidade de elección entre termos.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL / XÉNEROS MUSICAIS. (3 puntos)

Os responsables da páxina web do Instituto propoñen preparar uns **podcasts** para unha sección de «Divulgación musical». Cada podcast consistirá na audición e o comentario dunha obra, e incluírá a súa descrición formal e a relación co contexto social e estilístico do seu momento. A vostede encárganlle un destes podcasts, para o que deberá **redactar un texto**, cunha extensión máxima de 400 palabras (dúas páxinas), a partir da seguinte audición e partitura, de dominio público.

298. Más vale trocar *J. dell Enzina*

f. 209^v-210

Más va_ le tro_ car Pla_ ser por do_ lo_ res, Que [e]s_ tar sin a_ Me_ jor es su_ frir Pa_ sióni do_ lo_ res

Tenor
Más vale trocar,
Mejor es sufrir

1.ª Contra
Más vale trocar,
Mejor es sufrir

2.ª Contra
Más vale trocar
Mejor es sufrir

mo - - res. Dond'es gradeçido Es 'dulceel mo_rir;
Bivir en ol_vi-do A_quélnoes bivir;

Dond'es gradeçido
Bivir en olvido

Dond'es gradeçido
Bivir en olvido

Dond'es gradeçido
Bivir en olvido

Es vida perdida
Bivir sin amar,
I más es que vida
Saberla enplear.
Más vale penar
Sufriendo dolores,
Que star sin amores.

PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (3 puntos)

Ao fío da iniciativa anterior, a profesora de música, aproveitando o traballo feito por vostede e o seu coñecemento da obra, pídelle que, a partir da partitura da que dispón, exemplifique para toda a clase elementos técnicos constitutivos desta. Debe **marcar na partitura**, redondeando cun círculo, os elementos de que se trate (notas, grupos de notas, frases, etc.) e **identificar eses elementos**, coas iniciais que se indican entre parénteses a continuación:

1. Un exemplo de nota de paso (Np).
2. Un exemplo de intervalo melódico de 5ª xusta (5x).
3. Un exemplo de retardo de sensible (R)
4. Un exemplo de acorde perfecto maior en primeira inversión (PM6).
5. Un melisma na voz superior (Me).
6. Indicar na estrofa de texto anotada ao final da obra, a que versos corresponden as “mudanzas” (M)

PREGUNTA 3. XÉNEROS MUSICAIS. (2 puntos)

A profesora propón un exercicio no que un alumno fai unha **presentación á clase** para describir un xénero musical. Este que segue é o texto da presentación. Subliñe nel **dúas informacións ou datos erróneos** e aclare cal sería a información correcta.

Poucos xéneros alcanzaron un estatus tan apreciado polos devotos da música clásica instrumental como o cuarteto de cordas. Nado como un desenvolvemento do trío sonata da época medieval, o cuarteto alcanzou a súa madurez na época do clasicismo, cos compositores da Primeira Escola de Viena. Haydn, considerado o pai do xénero, compuxo máis de 60 obras, aínda que existen dúbidas con algunhas atribucións; Mozart, perfeccionou os modelos do seu mestre Haydn; Beethoven compuxo ao final da súa vida exemplos que foron e son considerados obras mestras intemporais, ata o día de hoxe. A instrumentación estándar do cuarteto de cordas é de dous violíns, viola e contrabaixo; algunhas formacións como os quintetos con piano, ou os sextetos —coas cordas dobradas— ampliaban as posibilidades iniciais, pero o estándar devandito foi a norma ata os nosos días. O cuarteto como obra, conformábase seguindo un modelo similar ao da sinfonía: varios movementos —normalmente catro— que se alternan en velocidade e carácter. Do mesmo xeito que a sinfonía ou a allemanda, coa cal compartía protagonismo na música de cámara, os diferentes movementos do cuarteto seguían os modelos estruturais derivados do estilo da sonata, de modo especial a estrutura do allegro de sonata para o primeiro movemento: unha forma tripartita segundo o esquema de exposición-desenvolvemento-variación. As características sonoras do cuarteto, como obra de cámara onde cada intérprete desenvolve unha liña melódica propia e individualizada, permítenlles aos compositores un traballo minucioso dos elementos harmónicos e texturais do conxunto, convertendo a este xénero nun produto dirixido, inicialmente e aínda nos nosos días, a un público cun alto nivel de esixencia.

PREGUNTA 4. TÉCNICAS DE ANÁLISE MUSICAL. (2 puntos)

Escolla dous de entre estes catro termos: 1. **ámbito melódico**, 2. **baixo de Alberti**, 3. **melodía acompañada**, 4. **intervalo**. Describa en 2-4 liñas o significado de cada un deles e explique a relación que hai entre os dous termos escollidos.

Convocatoria ordinaria 2026
ANÁLISIS MUSICAL II

El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la 1 y la 2, de 3 puntos; la 3 y la 4, de 2 puntos. La primera, con respuesta única abierta; la segunda y la tercera, con posibilidad de elección entre varias respuestas correctas; la cuarta, semiabierta con posibilidad de elección entre términos.

PREGUNTA 1. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL / GÉNEROS MUSICALES. (3 puntos)

Los responsables de la página web del Instituto proponen preparar unos **podcasts** para una sección de «Divulgación musical». Cada podcast consistirá en la audición y el comentario de una obra, e incluirá su descripción formal, y la relación con el contexto social y estilístico de su momento. A usted le encargan uno de estos podcasts, para lo cual deberá **redactar un texto**, con una extensión máxima de 400 palabras (dos páginas), a partir de la siguiente audición y de la partitura, de dominio público.

298. Más vale trocar *J. dell Enzina*

f. 209^v-210

Más vale tro - car Pla - ser por do - lo - res, Que [e]s - tar sin a -
Me - jor es su - frir Pa - sión i do - lo - res

Tenor
Más vale trocar,
Mejor es sufrir

1.ª Contra
Más vale trocar,
Mejor es sufrir

2.ªª Contra
Más vale trocar
Mejor es sufrir

mo - res. Don'd'es gradeçido Es dulce el morir;
Bivir en olvido A qué no es bivir;

Don'd'es gradeçido
Bivir en olvido

Don'd'es gradeçido
Bivir en olvido

Don'd'es gradeçido
Bivir en olvido

Don'd'es gradeçido
Bivir en olvido

Es vida perdida
Bivir sin amar,
I más es que vida
Saberla emplear.
Más vale penar
Sufriendo dolores,
Que star sin amores.

PREGUNTA 2. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL. (3 puntos)

Al hilo de la iniciativa anterior, la profesora de música, aprovechando el trabajo hecho por usted y su conocimiento de la obra, le pide que, a partir de la partitura de la que dispone, ejemplifique para toda la clase elementos técnicos constitutivos de esta. Debe **marcar en la partitura**, redondeando con un círculo, los elementos de que se trate (notas, grupos de notas, frases, etc.) e **identificar esos elementos**, con las iniciales que se indican entre paréntesis a continuación:

1. Un ejemplo de nota de paso (Np).
2. Un ejemplo de intervalo melódico de 5ª justa (5j).
3. Un ejemplo de retardo de sensible (R).
4. Un ejemplo de acorde perfecto mayor en primera inversión (PM6).
5. Un melisma en la voz superior (Me).
6. Indicar en la estrofa de texto anotada al final de la obra, a que versos corresponden las “mudanzas” (M).

PREGUNTA 3. GÉNEROS MUSICALES. (2 puntos)

La profesora propone un ejercicio en el que un alumno hace una **presentación a la clase** para describir un género musical. Este que sigue es el texto de la presentación. Subraye en él **dos informaciones o datos erróneos** y aclare cuál sería la información correcta.

Pocos géneros han alcanzado un estatus tan apreciado por los devotos de la música clásica instrumental como el cuarteto de cuerdas. Nacido como un desarrollo del trío sonata de la época medieval, el cuarteto alcanzó su madurez en la época del clasicismo, con los compositores de la Primera Escuela de Viena. Haydn, considerado el padre del género, compuso más de 60 obras, aunque existen dudas con algunas atribuciones; Mozart, perfeccionó los modelos de su maestro Haydn; Beethoven compuso al final de su vida ejemplos que han sido y son considerados obras maestras intemporales, hasta el día de hoy. La instrumentación estándar del cuarteto de cuerdas es de dos violines, viola y contrabajo; algunas formaciones como los quintetos con piano, o los sextetos —con las cuerdas dobladas— ampliaban las posibilidades iniciales, pero el estándar dicho ha sido la norma hasta nuestros días. El cuarteto como obra, se conformaba siguiendo un modelo similar a la sinfonía: varios movimientos —normalmente cuatro— que se alternan en velocidad y carácter. Al igual que la sinfonía o la allemanda, con la cual compartía protagonismo en la música de cámara, los diferentes movimientos del cuarteto seguían los modelos estructurales derivados del estilo de la sonata, de modo especial la estructura del allegro de sonata para el primer movimiento: una forma tripartita según el esquema de exposición-desarrollo- variación. Las características sonoras del cuarteto, como obra de cámara donde cada intérprete desarrolla una línea melódica propia e individualizada, permiten a los compositores un trabajo minucioso de los elementos armónicos y texturales del conjunto, convirtiendo a este género en un producto dirigido, inicialmente y aún en nuestros días, a un público con un alto nivel de exigencia.

PREGUNTA 4. TÉCNICAS DE ANÁLISIS MUSICAL. (2 puntos)

Escoja dos de entre estos cuatro términos: 1. **ámbito melódico**, 2. **bajo de Alberti**, 3. **melodía acompañada**, 4. **intervalo**. Describa en 2-4 líneas el significado de cada uno de ellos y explique la relación que hay entre los dos términos escogidos.